

KARIN BOYE

# Kallocaína

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

Este libro que agora sento a escribir halle parecer inútil a moita xente. Nin sequera me atrevo a pensar que haxa «moita xente» que vaia ter ocasión de o ler. Encomenzo esta tarefa de escritura mesmo sen unha motivación clara. Quero e debo, iso é todo. Neste mundo, moitos preguntan cada vez máis pola intención e a planificación das cousas que un fai e di; por norma, nin unha soa palabra debe pronunciarse se non responde a un obxecto claro. Non obstante, o autor deste libro atópase na obriga de tirar polo camiño contrario, cara ao desatino e a inutilidade. Porque, aínda que os anos que levo neste lugar en calidade de recluso e de químico –deben de superar os vinte–, foron anos de traballo e dunha actividade frenética, coído que existe algo que indica que con iso non é abondo, e ese «algo» está a supervisar e dirixir un traballo dentro de min; un traballo que eu mesmo non teño a capacidade de entender, pero que, malia todo, atrae todo o meu interese e mesmo me tortura. Ese traballo chegará á súa fin no instante mesmo do remate deste libro. Por iso entendo con meridiana claridade até que punto se presentarán como irreflexivas as miñas anotacións en comparanza cun pensamento pragmático e racional. Sexa como for, eu escribo.

Talvez antes non ousase facelo. Quizais a valentía sexa consecuencia da miña condición de preso. As miñas actuais condicións de vida apenas difiren das que tiña cando era un home ceibo. A comida é agora algo peor, mais é cousa de se afacer. O leito resulta algo máis duro ca o do

meu fogar no número catro da Cidade da Química, mais é cousa de se afacer. As saídas para gozar do aire na superficie son máis escasas; tamén é cousa de se afacer. O peor foi a separación da miña dona e dos meus fillos, posto que non me informaron do seu destino e non sei que foi deles. Iso fixo que vivise os meus primeiros anos na cadea con desacougo e desazo. Así a todo, co paso do tempo funme serenando e sentíndome cómodo coa miña existencia. Aquí, en realidade, non existía nada que me provocase angustia. Non había subordinados nin xefes –agás os gardiáns do cárcere, que non se metían no meu traballo, e cuxa única tarefa consistía en asegurarse de que cumprise as ordenanzas. Non tiña nin protectores nin competidores. De cando en vez organizaban xuntanzas con outros científicos, co obxecto de facilitar o meu seguimento da evolución no eido da química; tratáronme con cortesía e sinxeleza, aínda que cunha certa condescendencia dada a miña condición de estranxeiro. Ben sabía eu que ninguén tiña razóns para a envexa. Dito en poucas palabras: sentínme máis ceibo en cativerio ca en liberdade. Porén, a medida que aumentaba a tranquilidade, tamén medraba dentro de min a conciencia e a necesidade de entender o pasado, e agora non acougarei até que remate o relato das miñas memorias nun período substancial da miña vida. O permiso para escribir téño por mor do meu traballo científico, e haberá un control ao que acabe e entregue os resultados do meu labor. Daquela, digamos que estou autorizado a gozar desta única ledicia, malia que ben podería ser a derradeira concesión que me fagan.

No momento no que principia o meu relato, andaba eu por volta dos corenta anos. Co gallo de ir completando a miña presentación, talvez conveña que explique a miña maneira de entender a vida. Hai poucas cousas que falen máis dunha persoa ca a imaxe que esta elixa para describir

